

## APUNTAMENTOS AS ORIXES DO TOTALITARISMO HANNAH ARENDT (1951).

### CARACTERÍSTICAS DO TOTALITARISMO/ESTADO TOTALITARIO

1. **IDEOLOXÍA:** **Eliminación da espontaneidade humana:** abolición das liberdades civís e dos dereitos políticos. **Determinismo histórico:** Crenza na existencia de **leis inmutabeis e necesarias do devir histórico** (Leis da Natureza, Leis da Historia). Necesidade dun Partido-Estado-Movemento que impulse o curso inexorable da Historia. Ideoloxía da **raza ou clase** que ten que facer avanzar a historia. **Dominio total, totalitarismo:** eliminar o individuo en favor da raza ou clase, sacrificio das *partes* en favor do *todo*.
2. **IMPERIALISMO:** **Expansionismo, anexionismo:** as nacións estranxeiras son territorios potenciais do Estado totalitario. **Militarismo,** belicismo: xerar un clima de guerra permanente, crear un *enemigo externo* e un *enemigo interno*.
3. **MASAS:** Liquidación dos cidadáns e das clases sociais. **Home-masa:** persoa *neutral e apolítica*. Indiferenza-apatía-hostilidade ante a política. **Desarraigo,** soedade: “masas de individuos atomizados e illados”. Impotencia para a acción. Destrución da vida pública e privada.
4. **PROPAGANDA:** **Ficción ideolóxica.** Manter un **mundo ficticio** baixo unha **mentira permanente.** Función de adhesión (non de persuasión): **lealtade incondicional** ao Partido ou Movemento. Credulidade e cinismo das masas: cren en todo e non cren en nada.
5. **BUROCRACIA:** **Goberno burocrático-tecnocrático.** **Eliminación da responsabilidade individual e a capacidade para pensar** dos funcionarios do Estado e/ou membros do Partido ou Movemento. *Goberno dos ninguén.*
6. **TERROR:** Executar o movemento da Natureza ou da Historia. **Aniquilación do *enemigo obxectivo* do devir histórico** marcado polas leis da Natureza ou as leis da Historia.
  - a) **Destrución do espazo público-político** (aniquilación da pluralidade e a unicidade-individualidade). **Destrución da vida privada-íntima-familiar** (espionaxe, información e delación de amizades e familiares).
  - b) **Violencia sistemática e organizada:** **Aparatos represivos do Estado** (policía segreda) e **corpos paramilitares e parapoliciais** do Partido ou Movemento.
  - c) **Campos de concentración/exterminio:** **Víctimas inocentes- inocencia das vítimas** (non son sospeitosos, non son opositores políticos). **Crimes en masa.**
    - **Morte xurídica das vítimas.** **Desnacionalización, ilegalidade,** anulación da persoa xurídica.
    - **Morte moral das vítimas.** **Anonimato, olvido. Tortura:** **destrución da dignidade humana.** Aniquilación física, psicolóxica e moral da individualidade.  
Eliminación da diferenza entre vítimas e asesinos.
    - **Mal radical:** **Febreza dos dereitos do home.** Obxectivo totalitario de *que os homes sexan superfluos:* incapacidade para pensar-xuzgar, actuar e falar. **Imposibilidade para castigar e perdoar** os *crimes contra a humanidade*